



ANEXO III

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC NAVANTIA (CÓDIGO IN853C2022/01)			
Título: O ESTALEIRO DO FUTURO			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: TRAZABILIDADE			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 20 DE XULLO DE 2022 FIN: 30 DE SETEMBRO DE 2025			
CENTRO Inv. Principal: ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑERÍA DE FERROL / FACULTADE DE INFORMÁTICA DA CORUÑA			
OBJECTO DO CONTRATO: VER MEMORIA DE CONVOCATORIA ANEXA			
Colaborar nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación indicado			
LUGAR E HORARIO: INSTALACIÓNS CEMI UDC – NAVANTIA (CITIC en A Coruña), de luns a venres de 9:00 - 14:00 / 16:00 - 18:30			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01 DE ABRIL DE 2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.999,99€			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0515240003 541A 64902			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: VER MEMORIA DA CONVOCATORIA ANEXA
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa, que deben terse cumpridos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC ou calquera dos rexistros xerais da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): TITULARES: Pablo Fariñas Alvarinho (CO-IP-UDC), Tiago Manuel Fernández Caramés (CO-IP-UDC), Paula Fraga Lamas (Coordinadora UDC). SUPLENTES: Salvador Naya Fernández (Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia) e María Sonia Zaragoza Fernández (Adxunta a Transferencia)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	19/12/2022 15:51:24
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Ferrol, 19 de decembro de 2022

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Tiago Manuel Fernández Caramés

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	E9Eg9GVZoJbj40UTx4bsQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	19/12/2022 15:51:24
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/E9Eg9GVZoJbj40UTx4bsQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O presente contrato convócase ó amparo do proxecto Centro Mixto de Investigación “O estaleiro do futuro”(en adiante CEMI) no que participan a Universidade da Coruña e a empresa Navantia.

O obxecto do presente contrato é a colaboración nas actividades de investigación que se leven a cabo dentro do CEMI.

Descríbense a continuación os requisitos a cumprir pola persoa contratada.

• REQUISITOS XERAIS

1.- No momento da contratación o solicitante non poderá ter vinculación laboral coa UDC e, ademais, será necesario que non a tivese con Navantia nos seis meses previos á sinatura do contrato.

2.- Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

a) Ter nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración pública.

b) Dispor da titulación requirida e cumprir o resto de requisitos indicados na convocatoria.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a capacidade funcional necesaria para desenvolver as correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria

e) Non ter sido separada a persoa solicitante mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, en que a dita persoa fora separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que a persoa solicitante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, nin que fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

3.- A contratación de persoas estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará para os únicos efectos de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento de asinar o contrato, do permiso de residencia e da autorización de traballo por conta allea ou da acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

• TITULACIÓN REQUERIDA

Titulación de Enxeñería, Licenciatura, Grao ou equivalente.

• TAREFAS A REALIZAR E OBXECTO DO CONTRATO

As principais tarefas do contratado estarán relacionadas coa área TIC no ámbito da identificación e trazabilidade no sector da construción naval:

1) Desenvolvemento dun sistema de paletizado IoT intelixente que permita ofrecer funcionalidades avanzadas de trazabilidade, monitorización e automatización.

2) Análise, deseño e implantación de prototipos con tecnoloxías de identificación e técnicas/símbolos de marcado para o Almacén Xeral e a Fábrica de Bloques.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	19/12/2022 15:51:24
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

3) Integración cos pilotos desenvolvidos cos sistemas de información de Navantia (por exemplo, ecosistema conectado en nube privada, xemelgo dixital).

4) Probas de campo no estaleiro, probas de validación e funcionamento do sistema.

• DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será indefinido, conforme á lexislación aplicable. Advírtese que o contexto da presente convocatoria está vinculado ó proxecto CEMI, cuxa finalización está prevista para fin de setembro de 2025.

• CRITERIOS DE SELECCIÓN

Valorarase positivamente ter cursado un máster profesionalizante na área de tecnoloxías da información.

Igualmente, valorarase positivamente a experiencia profesional previa en tecnoloxías de identificación e trazabilidade, sistemas ciberfísicos, desenvolvementos de hardware e software IoT (Internet of Things), redes de sensores sen fíos, programación de Android e con SBC (Single-Board Computers) como Raspberry Pi, sistemas de computación edge/fog e sistemas de comunicación descentralizados como blockchain.

Os méritos alegados polos participantes terán que acreditarse documentalmente e cumprirse ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Só se valorarán os méritos relacionados co perfil da praza.

A praza quedará deserta se ningún candidato alcanza un mínimo de 25 puntos conforme ao seguinte baremo.

○ Titulación requirida. Avalíase a nota media da titulación requirida para optar á praza ata 10 puntos (e.g. nota media do grao ou mestrado cursados).

- Nota media expediente académico: 10 ---- 10 puntos
- Nota media expediente académico: 9 ---- 8 puntos
- Nota media expediente académico: 8 ---- 6 puntos
- Nota media expediente académico: 7 ---- 4 puntos
- Nota media expediente académico: 6 ---- 2 puntos

Se a titulación achegada pertence ao ámbito da Enxeñaría Informática valorarase íntegramente. Se pertence a calquera outro ámbito valorarase co 5% da cualificación obtida conforme a súa nota media.

○ Formación específica adicional relacionada co perfil concreto ao que se presenta ata 35 puntos.

- Mestrados e cursos relacionados co perfil da praza: 1 punto por cada 3 créditos ECTS, ata 25 puntos.
- Nivel C1 de inglés, 10 puntos.

○ Experiencia específica (postos previos, proxectos I+D, etc.) relacionada co perfil concreto ao que se presenta: 25 puntos.

- Experiencia en postos previos relacionados co obxecto do contrato: 5 puntos por ano ata 15 puntos.
- Experiencia previa no desenvolvemento de proxectos de I+D no campo do obxecto do contrato: 5 puntos por proxecto europeo, 4 estatal e 3 autonómico (ata 10 puntos).

○ Experiencia en publicacións científicas e produción investigadora relacionada co obxecto do contrato ata 5 puntos.

- Só se valorarán os artigos publicados relacionados co tema obxecto da praza que foran publicados en revistas JCR (0.5 puntos por artigo Q1, 0.4 por Q2, 0.2 por Q3 e 0.1 por Q4).

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	19/12/2022 15:51:24
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/E9Eg9GVZoJbJ40UTx4bsQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

- Entrevista persoal: valorarase a adecuación do currículo vitae ao posto de traballo. Ata 25 puntos.

Entrevistarase aos candidatos con maior puntuación nos ítems anteriores (únicamente os tres primeiros candidatos).

A non presentación á entrevista é causa de exclusión do candidato convocado. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, a lo menos, 48 horas de antelación.

Ferrol, 19 de decembro de 2022

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Tiago Manuel Fernández Caramés

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículo vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	E9Eg9GVZoJbj40UTx4bsQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Tiago Manuel Fernández Caramés	Asinado	19/12/2022 15:51:24
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/E9Eg9GVZoJbj40UTx4bsQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

